

Anímaste a compostar?

Para máis información:

📍 Rúa Maior, 14

📞 982 53 50 50

✉ concellodesarria@sarria.es



COMPOSTAXE COMUNITARIA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Sarria
Concello



GUÍA DE USO

COMPOSTAXE COMUNITARIA

Campaña de compostaxe comunitaria para promover a reciclaxe dos biorresiduos no Concello de Sarria.

Financiamento de actuacións destinadas á mellora da xestión dos biorresiduos.





01 INTRODUCCIÓN

A xestión dos residuos é un dos retos aos que se enfrenta a nosa sociedade. Cada día, como consecuencia do noso modo de vida e das pautas de consumo, producimos unha maior cantidade de residuos, polo tanto, a aplicación de solucións e tratamentos axeitados e sostibles co medio ambiente dificúltase enormemente.

Cada un de nós xera aproximadamente 1.1 kg de residuos ao día, dos cales entre o 40-50% está constituído por biorresiduos que se poden reciclar para obter compost, un abono natural e de calidade, con excelentes propiedades para o solo.

A compostaxe é unha acción de prevención de residuos de grande valor ambiental, que contribúe a:

- Reducir o volume global dos residuos producidos mediante a reciclaxe da materia orgánica en orixe.
- Eliminar ou, polo menos, minimizar o excesivo uso de fertilizantes químicos.
- Reducir a frecuencia de recollida dos contedores por parte dos servizos municipais, así como o custo económico que trae consigo a súa axeitada xestión e tratamento.
- Diminuír o número de desprazamentos que os habitantes do rural deben realizar aos contedores, polo xeral distanciados das vivendas debido á dispersión da poboación.

02 COMO FACER PARA COMPOSTAR?



1 Separa no teu fogar os restos orgánicos



2 Trasládaos á área de compostaxe.



3 Deposítaos no módulo correspondente, engadindo a proporción adecuada de material estruturante.








4 Unha vez transcorridos uns meses poderás solicitarlle o compost ao teu concello.



03 QUE RESIDUOS SE PODEN COMPOSTAR?

Para obter un bo compost precísanse restos orgánicos o máis variados posible.



DA COCIÑA

Restos de froitas e verduras, iogur, zumes, pousos de café e restos de infusións (sen grampas!).

Ósos de froitas, cascas de ovos, cascas de froitos secos, pan, pasta, panos e papel da cociña, cinzas e serrín de madeira non tratada, pelo e uñas, la e fio natural, tapóns de cortiza, restos de ceras e derivados.

Restos de carne e peixe (aínda que os ósos e as espiñas tardan en descompoñerse).

DO XARDÍN E A HORTA

Restos de poda, follas, flores, palla, céspede, material de xardín ou horta (sen pesticidas ou fitosanitarios), esterco de animais de granxa ou curral (coellos, galiñas, cabalos, etc.).

04 QUE RESIDUOS NON SE PODEN COMPOSTAR?

- Aceites vexetais e minerais.
- Restos de plantas enfermas ou con pesticidas, insecticidas, etc.
- Madeira tratada con pinturas ou vernices, etc.
- Follas de eucalipto ou piñeiro.
- Excrementos humanos ou de animais domésticos carnívoros (cans, gatos, etc.).
- Medicamentos.
- Cueiros desbotables.
- Papeis satinados ou con tintas de cor ou plastificados.
- Materiais inorgánicos (metal, vidro, cabichas, plásticos, etc.).

ATENCIÓN CON...

- Restos de carne e peixe: podemos compostalos en pequenas cantidades mesturándoos con materiais secos, xa que, en caso contrario poden atraer insectos e producir malos cheiros.
- Ósos, espiñas e restos de marisco tardan máis tempo en descompoñerse.
- Cartón ondulado e o da caixa dos ovos: debemos cortalo en anacos antes de depositalo.
- Peles de cítricos en exceso crean acidez.
- As cascas de froitos secos, é mellor queimalos na cheminea ou grellada e depositar as cinzas no composteiro.

05 QUE ASPECTOS CONDICIONAN O PROCESO DA COMPOSTAXE?

Os principais responsables da descomposición da materia orgánica son os microorganismos, que precisan unhas condicións óptimas para vivir e desenvolver o proceso de compostaxe.

Hai unha serie de condicionantes que regulan o proceso e son indicadores do seu funcionamento:



HUMIDADE: No interior do compost debe haber unha humidade axeitada para que os microorganismos leven a cabo a transformación da materia orgánica. O ideal é que a masa de materiais fiquen húmida pero non empapada (non debe chorrear auga).



TEMPERATURA: O aumento da temperatura prodúcese pola liberación de enerxía provocada pola actividade dos microorganismos. Poden acadarse temperaturas de entre 50-60°C o que permite a descomposición dos materiais.



AIREACIÓN: Os organismos necesitan osíxeno para respirar, é importante que o aire chegue a todo o material que está dentro do composteiro para evitar condicións anaerobias e en consecuencia malos cheiros. Nunca debemos apelmazar os materiais.



CARBONO/NITRÓXENO: A relación carbono/nitróxeno é a clave para obter un compost final rico en nutrientes. Para que sexa de boa calidade require unha proporción axeitada de materiais frescos/húmidos (céspede, verduras,...) e materiais secos (follas, cartón, cinza,...) .

06 PROBLEMAS E SOLUCIÓN

Os problemas máis comúns ao realizar a compostaxe teñen sinxela solución!

PROBLEMA	CAUSA	SOLUCIÓN
Mestura seca e fría.	Falta de materia orgánica. Exceso de restos secos. Volteamos con moita frecuencia.	Engadir máis restos húmidos. Regar. Voltear con menos frecuencia.
Mestura húmida e fría.	Exceso de auga.	Voltear e engadir material seco.
Mestura seca e non diminúe o volume.	Exceso de materiais secos.	Engadir material húmido e regar cun pouco de auga.
Cheira a podre.	Exceso de humidade. Poucos volteos (falta osíxeno).	Voltear e engadir material seco.
Cheira a amoníaco.	Demasiados materiais ricos en nitróxeno.	Engadir material seco rico en carbono como serrín, restos de poda, etc. e voltear.
Temperatura baixa.	Pouco material ou falta de humidade.	Engadir máis material ou regar.
Temperatura moi alta.	Insuficiente ventilación.	Voltear.
Presenza dunha capa branca de fungos.	Están a traballar os microorganismos.	Non é un problema, boa sinal.
Presenza de mosquiñas.	Exceso de humidade ou restos de comida sen cubrir.	Voltear e non deixar os restos de comida sen cubrir por material seco.
Presenza de larvas brancas.	Xeralmente proliferan coa humidade.	Engadir material seco.
Presenza de formigas.	Material moi seco.	Voltear a pila e regar ou engadir restos húmidos.

07 CANDO ESTÁ LISTO O COMPOST?

O compost final ten o aspecto de terra e ten un olor agradable, "olor a bosque húmido". Non se reconece o que se depositou no composteiro, excepto piñas, ramas e ósos de froito que se separarán cunha criba.

O proceso da compostaxe complétase en varios meses, (entre 6-7) e no proceso inflúe a cantidade de residuos que botamos, a humidade ou a temperatura ambiente xa que por exemplo no verán o proceso será máis rápido que no inverno pola calor.

A temperatura será a do ambiente a causa da falta da actividade dos organismos.

Pode ser interesante o emprego dunha criba se queremos obter un compost de material fino. Os materiais grosos volven de novo o compost xa que actuarán como acelerantes do proceso ou como materiais estruturantes.

Pódese gardar o compost todo o tempo que se queira almacenado nun lugar seco.



08 USOS DO COMPOST

O compost ten diferentes aplicacións segundo o seu grao de madurez e do tipo de cultivo ao que se destina. As épocas máis axeitadas para aplicalo serán a primavera e o outono, xa que o solo está máis quente e a chegada de compost favorece a actividade dos microorganismos e o desenvolvemento das plantas.

TIPO DE COMPOST	USOS	RECOMENDACIÓNS
Material fresco (2-4 meses) Apréciase material sen descompoñer	Acolchado. Cobertura contra xeadas e malas herbas. Abono para plantas que soporten compost rico en materia orgánica.	Hortas ou outras plantas e árbores que precisan nutrientes. Abono bo para as patacas, os tomates, cabaciños e o millo. Non poñelo en contacto coas raíces ou sementes, mesturar coa terra superficialmente unha capa de 2-5 cm.
Compost maduro (6-12 meses) Non se aprecian materiais sen descompoñer	Abono para horta, plantas e flores. Abono para semilleiros. Abono para céspede, macetas, árbores ou té de compost.	Abono para plantas como a leituga, cebola, cenoura, allo, etc. Árbores: capa de compost de 5 cm. Césped: en primavera espárexer unha capa de 2 cm.

09 BENEFICIOS DO COMPOST

Sobre a estrutura do solo: o compost facilita a formación de conglomerados, permitindo así manter unha correcta aireación e humidade do mesmo.

Sobre a saúde do solo: dada a súa condición de produto natural, sen compostos químicos e libre de patóxenos, actúa en moitos casos como bactericida e fungicida.

Sobre as plantas: ao ser un produto rico en nutrientes e macronutrientes, convértese nun excelente abono, contribuíndo a que as plantas teñan unha maior resistencia ás pragas e enfermidades.

Tendo en conta que o compost se xera no propio fogar, non é preciso realizar desembolsos económicos para a súa adquisición.





10 NOTAS

